

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 21/03/2022  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

MATILDE LAYA LORENZO  
TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

Lista de non asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 21/03/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 14-mar-2022, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2022/0800**

Dáse conta de escrito presentado por D. Casimiro Estévez Martínez, en nome de Xiabre Club Ciclista, solicitando autorización para a celebración da XXV Marcha Cicloturista Club Ciclista Lobeira, o día 19 de xuño de 2022, con saída, chegada e entrega de premios aos participantes dende Carril, así como a colaboración da Policía Local e Servizo de Protección Civil e a autorización para poder utilizar as instalacións de vestiarios e duchas do Pavillón Municipal de Carril e a cesión de palco, mesas e carpas.

Vista a resolución do presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais , a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, facendo constar o seguinte:

- Deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma. Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:
- A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.
- O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por

escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

- No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.
- No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

Comunicáselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo. Lémbreselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

Tamén se da conta do informe emitido pola Policía Local en relación cos percorridos e organización do servizo para a proba.

#### **PRP2022/0824**

Dáse conta da proposta do Departamento de Informática, debido ao aumento e mobilidade de traballadores na casa consistorial, é necesaria a compra de cinco terminais telefónicos IP para a centralita do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a compra de cinco terminais IP OpenScope Desk Phone CP205 para diferentes servizos da casa consistorial á empresa INSERPYME GLOBAL, S.A. por un prezo de 878,76€ IVE incluído, con cargo á partida 9201.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/0826**

Visto o informe do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias que indica que recentemente

a agrupación de voluntarios ven de adquirir un vehículo camión de primeira intervención marca Renault D12 R4X2 FIRE & RESCUE con placas de matrícula 4634LWV e que ven de causar baixa por caducidade a ambulancia NISSAN, con placas 4970GXF, debido a que cumpriu os 10 anos que establece a normativa para prestar servizo como ambulancia. A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a cesión en uso do vehículo Renault D12 R4X2 FIRE & RESCUE con placas de matrícula 4634LWV, e sexa incluído na relación de vehículos cedidos que figura no convenio de cooperación asinado entre o Concello de Vilagarcía e a Agrupación de Voluntarios de Porección Civil deste Concello.
- Que se proceda á baixa no convenio, a tódolos efectos a ambulancia NISSAN INTERSTAR con placas de matrícula 4970GXF.

### **PRP2022/0827**

Vista a proposta do Servizo do Arquivo Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Redinor, S.L. para o subministro de caixas e carpetas destinadas á conservación dos fondos documentais do Arquivo para facilitar a conservación e manipulación dos expedientes susceptibles de ser prestados, por un importe total de 695,41€ (IVE incluído), con cargo á partida 920.22639:

- 10 carpetas de gomas de 5 cm
- 20 carpetas de gomas de 7 cm
- 10 carpetas de gomas de 9 cm
- 10 carpetas de gomas de 12 cm
- 10 caixas con broche de 12 cm
- 10 caixas con broche de 15 cm
- 12 caixas con broche de 20 cm
- 200 caixas de arquivo definitivo

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2022/0829**

Dáse conta da comunicación do Instituto Nacional de Estadística da Orden publicada no BOE, PCM/169/2022, de 9 de marzo pla que se desarrolla o procedemento para o recoñecemento da protección temporal a persoas afectas polo conflito de Ucraia.

### **PRP2022/0779**

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Protectora de Animales de Vilagarcía, solicitando autorización para realizar un mercadillo benéfico, na Praza da Peixería os días 7, 8, 9, 10 e 11 de abril de 2022, durante todo o día, e cesión de 40 mesas, 10 cadeiras e megafonía, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras

instalacións do Concello.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.

Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000€.

Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.

Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

Deberá cumprirse en todo momento a normativa COVID vixente.

### **PRP2022/0783**

Dáse conta do escrito presentado por Isabel Varela Dos Santos en relación á sinalización e seguridade viaria na rúa Castiñeiro, visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar que a problemática da visibilidade debería estar resolta co espello que se atopa na bierarrúa, o cal permite que se poida observar a presenza de turismos-peóns na intersección.

No tocante ao poste sito no novo cebreado, indicar que a pesares de que efectivamente un deles se atopa case no centro do paso de peóns, falamos dun tramo recto que permite a boa visibilidade, e indicar tamén que existe beirarrúa no outro marxe que permite a circulación peonil axeitada.

En base á velocidade, indicar que a rúa se atopa debidamente sinalizada verticalmente.

### **PRP2022/0841**

Vista a solicitude presentada por D. Sergio Fernández Gómez, de viabilidade para instalación dun contenedor provisional de 4 x 2,5 metros, aproximadamente, para venda de xeados no paseo marítimo de Carril e vista a documentación presentada con data 7/02/2022 (Rex. WEB2022000846), o enxeñeiro técnico municipal emitiu con data 21/02/2021 o informe que a continuación se transcribe:

“Unha vez examinada a proposta de ubicación informo que:

- A zona proposta para a ubicación do contenedor atópase en zona de dominio público marítimo terrestre polo que deberá obter a preceptiva autorización de Costas.
- Para o servizo de electricidade deberá solicitar a provisión de servizo á empresa distribuidora de enerxía eléctrica UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A.
- Para o servizo de abastecemento deberá solicitar acometida de auga, momento no cal a empresa concesionaria ESPINA & DELFIN, emitirá informe sobre a extensión da rede, se fose

preciso.

- En calquera caso, será a Xunta de Goberno Local, a encargada de valorar a viabilidade da implantación da actividade solicitada.”

Así mesmo, a Policía Local con data 24/02/2022 emitiu informe sobre a posible ubicación da caseta, propoñendo dúas posibilidades:

- Na zona de céspede, ao bordo do paseo e entre o farol de iluminación pública e o bando de pedra para sentar, coa fachada cara o mar, onde non molestaría ao tránsito normal de peóns polo paseo.

- No paseo na zona lateral do xardín, quedando a caseta ao bordo coa súa parte traseira e orientada ésta cara o sur, xa que esa zona do paseo é bastante ancha e non molestaría o tránsito peonil.

A Xunta de Goberno Local acorda informar favorablemente a viabilidade para a instalación solicitada, situando a mesma no Paseo na zona lateral do xardín, quedando a caseta ao bordo coa súa parte traseira e orientada ésta cara o sur, xa que esa zona do paseo é bastante ancha e non molestaría o tránsito peonil, tal e como se indica no informe da Policía Local.

Remitir o expediente ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

#### **PRP2022/0837**

Dáse conta do escrito presentado por Plataforma Motera para la Seguridad Vial en relación ao pintado de círculos de cor branca na calzada da Avda. da Mariña, concretamente no tramo da Peixería. Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que esa rúa duns 50 metros de lonxitude, ten a circulación restrinxida, é de preferencia peonil, únicamente se permite a circulación de vehículos a garaxes e carga e descarga, máximo 20 minutos.

#### **PRP2022/0847**

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel González Lema e/n C.P. Vista Alegre nº10, de queixas por limpeza de fincas colindantes coa Comunidade de Propietarios, retirada de valla con cartel en propiedade privada e solicitude de vixiancia por actos vandálicos no edificio. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que se incrementará a vixianza policial na zona.

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2022/0861**

Dáse conta da solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios Municipais (PLAN CONCERTADO 2022) ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo ( D.O.G. nº 63 do 30 de marzo de 2012), pola que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e o Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica (DOG nº 228, de 27 de novembro de 2014); e preséntanse para a súa aprobación o financiamento a solicitar nos seguintes termos:

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería Política Social, segundo se reflicte no rexumo xeral do anexo V, a transferencia finalista para o financiamento de:

PERSOAL	215.323,00 €		
MANTEMENTO	0,00€		
AXUDA NO FOGAR	Modalidade de Prestación Básica	Modalidade para persoas Valoradas como dependentes	
	22.500,00€	721.908,00€	
XESTIÓN DE PROGRAMAS	245.836,49 €		
INVESTIMENTO	0,00€		
TOTAL SOLICITADO	1.205.567,49€		

Faise constar que os Servizos Sociais Comunitarios séguense a prestar nas mesmas condicións que o ano anterior.

SEGUNDO: O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa achega, da seguinte maneira:

PERSOAL	395.963,19€		
MANTEMENTO	1.000,00€		
AXUDA NO FOGAR	Modalidade de Prestación Básica	Modalidade para persoas Valoradas como dependentes	
	75.343,20€	393.495,02€	
XESTIÓN DE PROGRAMAS	1.219.999,00€		
INVESTIMENTO	200.000,00€		
TOTAL COFINANCIADO	2.285.800,41€		

TERCEIRO: En consecuencia, O ORZAMENTO TOTAL para o proxecto presentado dos Servizos Sociais Comunitarios do ano 2021 é o seguinte:

PERSOAL	611.286,19€		
MANTEMENTO	1000€		
AXUDA NO FOGAR	Modalidade de Prestación Básica	Modalidade para persoas Valoradas como dependentes	
	97.843,20€	1.115.403,02€	
XESTIÓN DE PROGRAMAS	1.465.835,49€		
INVESTIMENTO	200.000,00€		
TOTAL	3.491.367,90€		

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de transferencia cos datos indicados.

### **PRP2022/0881**

Dáse conta da proposta da Concellería de Servizos Sociais que sinala:

Recibida comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra de non disposición de crédito suficiente para a solicitude presentada ao abeiro do Plan Concellos 2022 liña 2, a área de Servizos Sociais a Xunta de Goberno Local acorda

1.Desistir da solicitude de subvención por importe de 2.000,00 € con cargo plan Concellos 2022 – liña 2 Gasto Corrente Novo para o financiamento da actividade” PROXECTO EMOTIPEDIA”

### **PRP2022/0883**

Dáse conta de comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra de non disposición de crédito suficiente para a solicitude presentada ao abeiro do Plan Concellos 2022 liña 2 para o Proxecto Empatiza.

Vista a proposta da Area de Servizos Sociais, Xunta de Goberno Local acorda modificar o acordo de Xunta de Goberno Local de data 28 de febreiro de 2022 de solicitude de subvención e:

1.- Solicitar subvención por importe de 5.000,00 € con cargo plan Concellos 2022 – liña 2 Gasto

Corrente Novo para o financiamento da actividade” PROXECTO EMPATIZA”

2.- Aprobar a memoria descritiva e valorada do gasto/actividade.

- Proxecto: EMPATIZA

- Contía solicitada: 5.000,00

- Aportación do Concello: 3.808,80

TOTAL: 8.808,80 €

O proxecto presentado inclúe gastos de prestación do servizo, equipamentos e material e xestión, coordinación e dinamización por parte dunha entidade externa.

### **PRP2022/0885**

Dáse conta de comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra de non disposición de crédito suficiente para a solicitude presentada ao abeiro do Plan Concellos 2022 liña 2 para o Proxecto "Estimulación cognitiva e psicomotriz".

Vista a proposta da Area de Servizos Sociais, Xunta de Goberno Local acorda modificar o acordo de Xunta de Goberno Local de data 28 de febreiro de 2022 de solicitude de subvención e:

1.- Solicitar subvención por importe de 8.200,00 € con cargo plan Concellos 2022 – liña 2 Gasto Corrente Novo para o financiamento da actividade” ESTIMULACIÓN COGNITIVA E PSICOMOTRIZ”

2.- Aprobar a memoria descritiva e valorada do gasto/actividade.

- Proxecto: ESTIMULACIÓN COGNITIVA E PSICOMOTRIZ”

- Contía solicitada: 8.200,00

- Aportación do Concello: 2.744,00

TOTAL: 10.944,00€

O proxecto presentado inclúe gastos de prestación do servizo, equipamentos e material e xestión, coordinación e dinamización por parte dunha entidade externa.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2022/0821**

Dáse conta de informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música, no que se indica:

Primeiro.- Que compre proceder á xustificación da subvención do Plan Concellos 2021 correspondente aos GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DO IV FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS 2021 , segundo acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 9 de abril de 2021 polo importe de 30.000,00 € cun orzamento de 30.500,00 €, ao abeiro da Liña 2. Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais ou da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc...do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2021)

Segundo.- Que, sobre o orzamento remitido á Deputación provincial, polo importe de 30.500 € remítese a seguinte documentación xustificativa:

A) Conta xustificativa do gasto realizado polo importe total de 35.549,00 € desagregado nos seguintes conceptos

Partida	Concepto	Importe orzamento	Importe xustificación
Gastos de actividades culturais	Cachés, exclusivamente cachés	22.000,00 €	22.286,00 €
Gastos de aloxamento	Hoteis, exclusivamente aloxamento e almorzo	4.000,00 €	4.914,10 €

Estudos e traballos técnicos	Mantemento das RRSS e WEB do Festival	3.000,00 €	3.388,00 €
	Fotografía e Vídeo	1.500,00 €	4.961,00
TOTAL		30.500,00 €	35.549,00 €

B) Facturas e xustificantes de pago polo importe de 35.549,00 € para a xustificación da subvención concedida

C) Acordos de aprobación pola Xunta de Goberno Local e Pleno do Concello das facturas remitidas

D) Certificación da Secretaria do Concello en relación á toma de coñecemento desta subvención polo Pleno da Corporación.

Terceiro.- Ademais da documentación sinalada no apartado segundo de este informe, a xustificación da subvención inclúe a seguinte documentación:

A) Certificado expedido pola Secretaria Xeral no que se fai constar:

- Que non se recibiron outras subvencións de administración públicas para a finalidade subvencionada.

- Que se cumpriu a finalidade para a que se concedeu a subvención.

- Que os xustificantes correspondentes están a disposición da Deputación para o seu exame se o estimase oportuno.

- Que se lle deu difusión a subvención obtida facendo constar a colaboración da Deputación, achegando a correspondente a acreditación gráfica.

Remítese documentación relativa á difusión da subvención concedida

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xustificativa correspondente á subvención concedida a este Concello pola Deputación Provincial para os GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DO IV FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS 2021 polo importe total de 35.549,00 € sendo o importe concedido de 30.000,00 € e cun orzamento de 30.500,00 €, ao abeiro da Liña 2, Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais ou da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc.. do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2021) segundo o disposto na convocatoria.

Segundo.- Autorizar a remisión da documentación correspondente sinalada nos apartados segundo e terceiro do informe para á xustificación de dita subvención perante a Deputación provincial.

### **PRP2022/0822**

Dáse conta do informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música, no que se indica:

Primeiro.- Que compre proceder á xustificación da subvención do Plan Concellos 2021 correspondente aos GASTOS DE LIMPEZA, ASEO E ENERXÍA ELECTRICA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA, segundo acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 5 de febreiro de 2021 polo importe de 18.181,00 € cun orzamento de 19.000,00 €, ao abeiro da Liña 2. Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais ou da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc...do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2021)

Segundo.- Que, sobre o orzamento remitido á Deputación provincial, polo importe de 19.000,00 € remítese a seguinte documentación xustificativa:

A) Conta xustificativa do gasto realizado polo importe total de 29.425,98 € desagregado nos seguintes conceptos

Concepto	Importe	Importe
----------	---------	---------

	orçamento	xustificación
Enerxía eléctrica	4.000,00 €	4.930,34 €
Limpeza e aseo	15.000,00 €	24.495,64 €
TOTAL	19.000,00 €	29.425,98 €

B) Facturas e xustificantes de pago polo importe de 29.425,98 € para a xustificación da subvención concedida

C) Acordos de aprobación pola Xunta de Goberno Local e Pleno do Concello das facturas remitidas

D) Certificación da Secretaria do Concello en relación á toma de coñecemento desta subvención polo Pleno da Corporación.

Terceiro.- Ademais da documentación sinalada no apartado segundo de este informe, a xustificación da subvención inclúe a seguinte documentación:

A) Certificado expedido pola Secretaria Xeral no que se fai constar:

- Que non se recibiron outras subvencións de administración públicas para a finalidade subvencionada.
- Que se cumpriu a finalidade para a que se concedeu a subvención.
- Que os xustificantes correspondentes están a disposición da Deputación para o seu exame se o estimase oportuno.
- Que se lle deu difusión a subvención obtida facendo constar a colaboración da Deputación, achegando a correspondente a acreditación gráfica.

Remítase documentación relativa á difusión da subvención concedida

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xustificativa correspondente á subvención concedida a este Concello pola Deputación Provincial para os GASTOS DE LIMPEZA, ASEO E ENERXÍA ELECTRICA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA para o ano 2020, polo importe total de 29.425,98 €, sendo o importe concedido de 18.181,00 € e cun orzamento de 19.000,00 €, ao abeiro da Liña 2, Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais ou da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc.. do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2021) segundo o disposto na convocatoria.

Segundo.- Autorizar a remisión da documentación correspondente sinalada nos apartados segundo e terceiro do informe para á xustificación de dita subvención perante a Deputación provincial.

## **SANIDADE**

### **PRP2022/0831**

Dáse conta de proposta da Concellería de Benestar Animal en relación co desenvolvemento dunha campaña de concienciación e prevención para a recollida, por parte dos donos dos cans, dos excrementos deixados polas súas mascotas nas rúas da Cidade.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Cristina Duran Recuna, por un importe total de 18.150,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 311.22799, para o desenvolvemento da citada campaña, consistente na elaboración e produción de cartaces informativos e material de difusión dixital, puntos de información e elementos visuais e de ambientación para chamada de atención, obradoiros didácticos e educativos e agasallos rememorativos do obxecto da campaña.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2022/0790**

O pasado día 7 de marzo a Xerencia Territorial de Xustiza remitiu escrito a este Concello polo que comunica “que, de acordo co regulado no artigo 3.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, as Administracións deberán comunicarse entre si a través de MEDIOS ELECTRÓNICOS, que aseguren a interoperabilidade e seguridade dos sistemas e solucións adoptadas por cada unha delas, garantindo a protección de datos de carácter persoal.

Por todo isto e para poder obter os certificado de antecedentes penais dos administrados que a partir deste momento soliciten a licenza municipal de animais potencialmente perigosos, este Concello deberá:

- Os usuarios da súa administración que estean autorizados para realizar consultas a través da Plataforma de Intermediación de Datos deberán acceder á información con certificado dixital e dende o seu equipo informático. No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a Plataforma Galega de Intermediación de Datos (PasaXe) ofrece un servizo de consulta por inexistencia de antecedentes penais e antecedentes por delitos de natureza sexual. Para solicitar o rexistro na Plataforma de Intermediación de Datos PasaXe pódese dirixir directamente á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), e solicitar a súa guía de acceso a PasaXe.
- Coa implantación deste sistema, o Concello poderá aforrar custos, axilizar a tramitación dos procedementos da súa competencia e mellorar a calidade do servizo prestado aos cidadáns, ao tempo que se cumpre o artigo 28.2 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Por todo o anteriormente citado A XERENCIA TERRITORIAL de Xustiza NON ATENDERÁ NINGUNHA SOLICITUDE DE CERTIFICACIÓN de antecedentes penais deste Concello, igual que non o fai con ningunha outra Administración autonómica nin Local (xa que estas certificacións se poderán obter polo trámite anteriormente mencionado).

Tampouco atenderán as solicitudes destas certificacións por parte dos cidadáns que as realicen de maneira presencial e informaranlles que este trámite deberá facelo o Concello por vía telemática.”

Por todo o ata aquí referido, o Departamento de Medio Ambiente PROPÓN:

Que de maneira inmediata se adopten as medidas precisas para que o PERSOAL deste Departamento poda ACCEDER Á PLATAFORMA GALEGA DE INTERMEDIACIÓN DE DATOS (PasaXe) para consultar os datos de antecedentes penais e poder seguir tramitando as licenzas de animais potencialmente perigosos.

Ata ese momento a tramitación destas licenzas quedará paralizada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/0839**

Vista a proposta do Servizo de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Vermican soluciones de Compostaje SL para o subministro de dous composteiros individuais para a súa colocación no Centro de Educación Especial, por un importe total de 286,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **TURISMO**

### **PRP2022/0745**

Vista a proposta do Servizo de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por GIRODSERVICES SL, para o subministro de 24 balizas co fin de sinalizar o treito que vai dende o inicio da Vía Verde no Concello de Vilagarcía, ata o Porto Deportivo, por un importe total de 1.760,27 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **CONSUMO**

#### **PRP2022/0830**

Dáse conta de informe sobre as actividades da OMIC durante o ano 2021, do que se desprende que se atenderon un total de 1.764 consultas e reclamacións, tanto de maneira presencial con horario de luns, mércores e venres, de 8:30 a 14:00 horas, como a través de teléfono de luns a venres no mesmo horario. Das citadas reclamationes e consultas 1.441 corresponden ao sector servizos e 323 ao sector produtos.

Indica así mesmo que se realizan consultas e reclamacións de persoas tanto do Concello de Vilagarcía de Arousa como de outros Concellos (Vilanova de Arousa, Illa de Arousa, Caldas de Reis, Catoira, Valga, Meis, Portas, Ribadumia, Cambados, etc).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2022/0810**

Vista a proposta da Área de Igualdade-GIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Asociación Cromosomox, para a realización de dous obradoiros, de 45 minutos cada un, sobre "Ciclo menstrual e sexualidade saúdable", destinados a un colectivo determinado de mulleres, por un importe de 246,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **CULTURA**

#### **PRP2022/0819**

Vista a solicitude de D. Manuel Oubiña Saavedra, en representación da Asociación de Festas Sobradelo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo

Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Cibrán o vindeiro día 6 de xuño de 2022:

- Actuación da Asociación Cultural Nos de Sobradelo por un importe de 391,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2022/0818**

Vista a solicitude de D. Luis M<sup>a</sup> Pintos García, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 11 de novembro de 2022, durante todo o día, para a representación do espectáculo QUEEN FOR KIDS, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de 12 € (venda anticipada) máis gastos de xestión, e de 16 € (taquilla), e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 81,60 €
- Operarios (2): 163,20 €
- Persoal de taquilla (2): 81,60 €
- TOTAL: 591,10 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

### **PRP2022/0820**

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Entidade Asociación de Veciños Breogán, por un importe total de 1.800,00 €, con cargo á partida 334.22703:

PROVEDOR	C.I.F. /N.I.F.	ARTÍCULO	CORRIENTE	TOTAL C+I
DANIELA HENRIQUES OLIVEIRA	DE 35642063K	Limpeza durante 2 horas a semana de xaneiro a decembro 2022. Inclúe limpeza de cristalera, baños, mueble bar, biblioteca, oficina e demais departamentos. Tamén será o seu cargo materiais de limpeza)	1.597,20€	1.597,20 €
CASTROMAN I, SL	B36406650	- 2 Mesas plegables resina branco	117,90 €	117,90 €

	TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL	1.715,10 €
--	-----------------------------	---------------

Acórdase non aprobar o gasto correspondente a compra de unha cociña de gas e dous cartuchos gas cociña e barbacoa, dado que non se considera vinculado ó establecido no convenio.

Acórdase así mesmo o reintegro do sobranse resultante a partida correspondente, que ascende a cantidade de 84,90 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CONTRATACIÓN

### PRP2022/0712

Dáse conta da Resolución da Directora Xeral de Patrimonio autorizando a creación dun monolito no Xardín de Ravella, en recoñecemento das mulleres e homes da Ría de Arousa na loita contra o narcotráfico. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### PRP2022/0792

Dáse conta da seguinte proposta da Concellería de Urbanismo, Mobilidade e Xestión dos Fondos Europeos, para adxudicar o contrato menor de servizos consistente na redacción do proxecto básico e de execución para ensanchamento de vial fronte ao IES Castro Alobre.

O Concello de Vilagarcía de Arousa leva varios anos intentando mellorar a mobilidade do concello, con novas peonalizacións de rúas, ampliación de beirarrúas e reformas para dar prioridade a mobilidade peonil.

Na rúa San Roque, á altura do IES Castro Alobre, a anchura da beirarrúa non permite que se crucen un peón cun vehículo de mobilidade reducida, unha cadeira de rodas, etc. Isto unido a cantidade de rapaces e persoal docente que cada día acceden ao referido instituto, así como persoas que deben utilizar esa beirarrúa para acceder ao Centro de Saúde de San Roque, fai que en moitas ocasións os peóns teñan que baixar á estrada, co perigo que isto supón nunha vía, de entrada ao casco urbano do noso concello, e que soporta unha gran cantidade de tráfico.

Para intentar remediar esta situación e poder ampliar o ancho da beirarrúa que limita o IES Castro Alobre é preciso proceder ao retranqueo do muro de peche do citado centro educativo, polo que para iniciar os trámites (informes sectoriales, instalacións afectadas, etc.) é preciso contar cun proxecto técnico que programe, estude e valore a actuación.

Solicitado orzamento para a redacción de proxecto básico e de execución para ensanchamento de vial fronte ao IES Castro Alobre, mediante o retranqueo do muro de peche, a FB2 Estudio de Ingeniería, S.L., este oferta o seguinte:

Oferta IVE excluído	IVE 21%	Oferta IVE engadido
2.193,00	460,53	2.653,53

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar o contrato menor de servizos de redacción de proxecto básico e de execución para ensanchamento de vial fronte ao IES Castro Alobre, a FB2 Estudio de Ingeniería, S.L. (B70611264 ), por un importe de 2.193,00€, ao que lle corresponde un IVE 21% de 460,53€, o que totaliza un importe de adxudicación de 2.653,53€.

## PRP2022/0784

Dáse conta do escrito presentado por Dona Elizabete Domínguez Rodríguez, delegada de persoal de CCOO Habitat no Servizo de Axuda a Domicilio da empresa Aralia, S.L, concesionaria do Servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, comunicando que dita empresa non aplica a subida salarial do 6,5%.

De acordo co sinalado no punto 16.9.1 do prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación do servizo a empresa debe cumprir o II Convenio Colectivo para a actividade de axuda a domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, é dicir, a empresa contratista está obrigada a cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación. En todo caso, o adxudicatario está obrigado a cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ó Convenio Colectivo sectorial de aplicación. Esta obriga terá o carácter de condición especial de execución e o seu incumprimento dará lugar á imposición de penalidades previstas na cláusula 19 do presente prego.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requerir á empresa Aralia, S.L. para que leve a cabo o cumprimento do sinalado no Convenio Colectivo, aplicando o incremento salarial que proceda ao persoal que traballa no servizo de axuda no fogar.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

### PRP2022/0807

Visto o expediente de gasto INT/2022/000020 integrado pola relación de xustificantes F/2022/3 por importe de 10.506,86€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/3 por importe de 10.506,86€, co seguinte desglose:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Progr.	Econ.	Nombre	Texto Explicativo
F/2022/288	R31000544591	01/01/2022	286,77	920	22200	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.	20870364 cable 350 megas NOBA / 20870359 cable 350 megas NOBA / 20870361 cable 350 megas NOBA
F/2022/289	R31000541903	01/01/2022	69,45	920	22200	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.	986566176 mambo / 986566176 chamadas a números 902 realizadas / 986566176 desconto 50% cota IP fixa / 986566176 módulo
F/2022/290	R31000541904	01/01/2022	127,01	920	22200	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.	20685371 plan internet 25GB / 986501227 mambo / 986501227 chamadas Galicia / 986501227 chamadas a móbiles / 98650122
F/2022/291	R31000541902	01/01/2022	296,34	2311	22200	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.	986507970 combo peme 4 liñas NOBA / 986185743 liña profesional / 986507970 chamadas Galicia / 986507970 chamadas a f
F/2022/	R31000540498	01/01/	70,06	920	22200	R CABLE Y TELECABLE	986500112 mambo teléfono

292		2022				TELECOMUNICACIONES, S.A.U.	despreocupin / 986500112 llamadas a móviles / 986500112 desvío se non contesta (ind) / 986500
F/2022/293	R31000540188	01/01/2022	300,08	920	22200	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.	20167285 cable corporativo NOBA
F/2022/294	R31000537584	01/01/2022	188,88	920	22200	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.	604031713 internet móvil 10GB / 604031713 móvil empresa minutos ilimitados / 604031713 100% 604031713- descuento cota
F/2022/295	CI0918837106	08/01/2022	200,81	920	22200	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	Total servicio ( AAPP_devolucionfacturas_FACE@vodafone.es  https://webservicio.face.gob.es/facturasspp )
F/2022/296	CI0918837098	08/01/2022	584,42	920	22200	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	Total servicio ( AAPP_devolucionfacturas_FACE@vodafone.es  https://webservicio.face.gob.es/facturasspp )
F/2022/297	CI0918837094	08/01/2022	3.158,52	920	22200	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	Total servicio ( AAPP_devolucionfacturas_FACE@vodafone.es  https://webservicio.face.gob.es/facturasspp )
F/2022/328	28-A2M0-013632	01/01/2022	96,80	920	22200	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.U.	Movistar - Tipo de contrato: Internet - Nº de líneas: 2 - Líneas Facturadas: 660677762 660723751 - Periodo de Trafico: (
F/2022/369	TA6S70063051	19/01/2022	91,40	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986509117 - Periodo regular de cuotas (01 Ene. a 31 Ene. 22) - Internet - Ende
F/2022/370	TA6S70063031	19/01/2022	172,32	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986512600 - Periodo regular de cuotas (01 Ene. a 31 Ene. 22) Periodo regular d
F/2022/371	TA6S70063047	19/01/2022	19,09	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986511998 - Periodo regular de cuotas (01 Ene. a 31 Ene. 22) Periodo regular d
F/2022/372	TA6S70063037	19/01/2022	17,40	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986501109 - Periodo regular de cuotas (01 Ene. a 31 Ene. 22) - Voz - Línea Ind
F/2022/373	TA6S70063054	19/01/2022	96,09	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986502709 - Periodo regular de cuotas (01 Ene. a 31 Ene. 22) Periodo regular d
F/2022/374	TA6S70063070	19/01/2022	17,40	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986501102

							- Periodo regular de cuotas (01 Ene. a 31 Ene. 22) - Voz - Línea Ind
F/2022/ 375	TA6S70063049	19/01/ 2022	179,39	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986565056 - Periodo regular de cuotas (01 Ene. a 31 Ene. 22) Periodo regular d
F/2022/ 376	TA6S70063038	19/01/ 2022	71,40	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986503427 - Periodo regular de cuotas (01 Ene. a 31 Ene. 22) - Internet - Movi
F/2022/ 377	TA6S70063061	19/01/ 2022	90,40	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986500512 - Periodo regular de cuotas (01 Ene. a 31 Ene. 22) - Internet - Dire
F/2022/ 378	TA6S70063083	19/01/ 2022	86,41	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986504774 - Periodo regular de cuotas (01 Ene. a 31 Ene. 22) - Internet - Dire
F/2022/ 379	TA6S70063067	19/01/ 2022	90,40	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986508709 - Periodo regular de cuotas (01 Ene. a 31 Ene. 22) - Internet - Dire
